


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS

26 - 27 de marzo do 2022

## IV SEMANA DO TEMPO DA CORESMA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 3 Unha xuntanza de amor estrofa 1*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Na proximidades das festas pascuais, Xesús quere hoxe transmitirnos unha mensaxe de ledicia: Deus é o Pai bo que sempre está aí, que sempre espera, que sempre anima e que sempre perdoo.

Na parábola de hoxe hai tres personaxes importantes: o Pai (=Deus) e os dous fillos. Un que marcha e abandona a súa casa e logo arrepentido volve. Outro, que queda na casa pero que ten envexa do amor do Pai polo fillo perdido.

En cal destes fillos podemos encadrarnos nós?. Quizais no que se vai da casa, ou quizais no que ten envexa?.

Dona coresma vainos dar un bo consello seguindo o exemplo do Pai: todos temos necesidade de saber ser acolletores e por agarimo con todos, tamén cos que nos rexeitan, ou pensan e viven doutra forma distinta.

Imitemos ao Pai e non teñamos envexa dos nosos irmáns, ao contrario, aceptémolos tal e como son.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Xesús móstranos un Deus paciente cos nosos erros, un Pai que quere que nós vivamos o perdón e o amor de irmáns. Por iso agora espéranos as mans misericordiosas do Pai. Xuntos rezámoslle:*

*Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogues por min a Deus, noso Pai.*

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, de todos os que están a sufrir os desastres dunha guerra inxusta. A todos, Deus Pai, nos acolla, nos conceda o seu perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe doídos con todo o que segue pasando coa guerra de Rusia contra Ucraia.*

**(Silenzo)**

## **Celebrante:**

Pai Bo, acudimos a Ti coa dor de saber que temos pecado contra Ti, e coa alegría de saber que, mesmo así, nos amas; concédenos experimentar sempre a túa misericordia e saber anunciar a todos o teu amor de Pai.

Acóllenos por enriba de todas esas marxinacións e rexeites que moitas veces poden na nosa vida. Ti estás sempre a nosa espera cos brazos abertos, pero nós, ás veces, só aceptamos a quen pensa, vive e cree coma nós. Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *De novo San Paulo escribe aos de Corinto e esta vez é para mostrarlle a nova realidade que se produce nos seguidores de Xesús: o vello pasou, agora son creaturas novas reconciliadas con Deus por Cristo.*

*No Evanxeo, Xesús anímanos a ser de verdade fillos de Deus Pai que nos quere, nos agarima, nos perdoa, e sempre espera de nós que volvamos á súa casa. E nós aquí estamos agora.*

## LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Quen estea en Cristo, é unha criatura nova: o que era vello, pasou. Vedes? Hai unha realidade nova.

E todo iso provén de Deus que nos reconciliou consigo por medio de Cristo e nos encomendou o servizo da reconciliación. Pois Deus estaba en Cristo reconciliando o mundo consigo, non levando conta dos delitos dos homes e poñendo en nós a mensaxe da reconciliación. Somos, logo, embaixadores de Cristo; e é coma se Deus vos exhortase por medio noso. Pedímosvolo por Cristo: deixádevos reconciliar con Deus. A aquel que non tiña nada que ver co pecado, Deus fíxoo pecado por nós, para que nós, grazas a el, nos volvésenos nel xustiza de Deus.

### Palabra do Señor

🎵 *nº 50 Na tardiña baixa da vida SALMO*

(en pé) *Leccio I C páx 71 Lc 15, 1-3.11-32 EVANXEO*

### PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, os publicanos e pecadores achegábanse a Xesús para o escoitaren. Por iso os fariseos e letrados murmuraban:

- Este acolle os pecadores e come con eles.

Entón Xesús contoulles esta parábola:

- Un home tiña dous fillos. O máis novo díxolle ao pai: "Papá, dáme a parte da herdanza que me corresponde". El repartiulle os seus bens. Días despois, este fillo recibiu todo xunto e marchou para un país remoto, onde malgastou a súa fortuna vivindo coma un perdido.

Despois de o gastar todo, houbo unha gran fame naquela terra, e empezou a pasar necesidade. Entón, acudindo a un natural do país, entrou a servir, e mandouno a unha granxa a coidar os porcos. Alí chegou a ter gana de encher o estómago coas landras que comían os porcos, pero ninguén llas daba.

Recapacitando, pensou: "¡Hai que ver! Cantos xornaleiros do meu pai teñen pan a fartar, e eu morro coa fame. Si, vou volver á de meu pai e voulle dicir: Papá, pequei contra o ceo e contra ti; xa non son digno de que me trates coma un fillo, trátame coma un xornaleiro".

Levantouse e volveu onda seu pai. Aínda estaba lonxe cando este, véndoo, saíu emocionado a recibilo, e botádoselle nos brazos, bicouno agarimosamente. O fillo exclamou: "Papá, pequei contra o ceo e contra ti, xa non son digno de que me trates coma un fillo".

Pero o pai díxolles aos seus criados: "Axiña, sacade a túnica mellor e vestídella; poñédelle un anel na man e calzado nos pés. Preparade un cuxo cebado para comelo e facer unha gran festa. Porque este fillo meu estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo". E empezou a festa.

Pero resulta que o fillo máis vello estaba na leira e cando viña para casa, oíu a música e mailo baile. Chamou por un criado e preguntoulle que pasaba. O criado contestoulle: "Éche que volveu teu irmán, e teu pai mandou facer festa por recuperalo san e salvo". Entón alporizouse moito, e non quería entrar.

Pero o pai, saíndo, intentouno convencer. O fillo díxolle: "Tantos anos como levo servíndote sen che faltar nunca en nada, e nunca un cabrito me deches para farrear cos meus amigos; e agora resulta que vén ese teu fillo, que queimou os teus bens con xentes de mala vida, e matas o cuxo cebado".

O pai contestoulle: "Meu fillo, ti sempre estás comigo e todo o meu é teu, que menos que celebrar unha festa cheos de alegría, xa que ese teu irmán estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo?".

### Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Que nos propomos nesta cuarta semana da Coresma con "dona coresma"?

Con ela seguimos descubriendo que hai cousas que necesitamos arrincar na nosa vida, porque non todo vale.

Xa lle temos arrincado a perna da tentación de ter, a da comodidade e a das rutinas. Tamén fomos cosendo

o remendo da PAZ, o do ESFORZO e o de DAR FROITO.

Hoxe arrincámoslle á nosa dona coresma esta cuarta perna. (Arrincamos a perna da 4ª coresma). É a perna da tentación do desprezo, da marxinação, de rexeitar a quen non é dos nosos.

Porqué esta perna?, porque no evanxeo Xesús puña o exemplo do bo pai que espera cos brazos abertos a que se lle acheguen os seus fillos. Quizais nós non somos tan así, e ás veces en vez de acoller marxinamos e rexeitamos a quen nin pensa nin vive coma nós. Con facilidade desprezamos e poñemos distancias cos demais. Construímos muros, erguemos alambradas, facémonos a guerra. Cando así facemos en nada nos parecemos ao pai bo da parábola.

Ao arrincar esta perna descubrimos unha maneira nova de vivir (collemos o "remendo" que está na perna que lle arrincamos, colgamos a perna na pinza, e pegamos o remendo no mandil da vella). Acabamos de coser no mandil da dona coresma a actitude da ACOLLIDA E O AGARIMO.

Temos arrincado algo que nos sobra, a tentación de marxinar e rexeitar, e temos cosido un novo remendo, porque mellor irá a vida se a cosemos con ACOLLIDA E AGARIMO.

(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** Neste encontro parroquial melloramos a vida sendo acolledores con todos e mostrando agarimo polas persoas coas que tratamos cada día, por iso agora compartimos un mesmo credo. Dicimos

**SI CREEMOS**

**Monitor/a:**

Credes en Deus, Pai e Nai,  
que cada día nos dá unha nova oportunidade,  
porque acolle e ama, porque perdoo e espera sempre?

**SI CREEMOS**

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,  
que nos descubre a salvación  
como festa de encontro?

**SI CREEMOS**

Credes no Espírito Santo,  
que nos alenta para vencer a tentación de marxinar,  
e, no noso interior,  
nos fai botar de menos a fartura de vivir con Deus?.

**SI CREEMOS**

Credes na igrexa,  
comunidade que festexa a reconciliación con Deus,  
berrando contra a guerra inxusta  
e abrindo as súas portas  
aos refuxiados e a todos os necesitados de paz?

**SI CREEMOS**

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** Movidos pola fe que compartimos acudimos ao Pai conscientes de que os seus brazos nos espera, e nos ofrece as súas mans cheas de vida. Digámoslle

**PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS**

**Monitor/a:**

✓ Pola Igrexa, por cada parroquia, por cada cristián, para que vivamos a coresma como tempo de ACOLLIDA, desbotando a intolerancia. Oremos

✓ Polas xentes de Ucraia que o están pasando tremendamente mal, feridos nunha guerra que nos escandaliza e que non podemos entender. Oremos

✓ Polos que se apartan da fe, polos que se atopan baleiros e insatisfeitos, para que saiban atopar os camiños ao fogar de Deus, e nos topen a nós como irmáns acolledores. Oremos

✓ Pola Igrexa, para que nunca cale os abusos, e para que denuncie e condene con xustiza a quen se aproveita e se aproveitou da propia igrexa para abusar. Oremos

✓ Polos que non queren perdoar e lles custa participar da festa da vida, para que descubran que perdoar é fonte de alegría. Oremos

**Celebrante:** Señor, Ti que sempre nos esperas, dános unha man para chegar da coresma á Pascua. Pedímoscho por Cristo, noso Señor. Amén

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

#### NOSO PAI

*Celebrante: Imos rezar dicindo: “Nosoi Pai”, pero sabendo que non merecemos ser considerados fillos seus, pois moitas veces fuximos do seu lado. El espera por nós, e a nosa oración como a do fillo pródigo. Recemos conscientes da paz que necesitamos refacer:  
NOSO PAI ...*

#### SIGNO DA PAZ

*Celebrante: O irmán maior do evanxeo de hoxe non quere participar na ledicia do Pai porque lle custa aceptar ao irmán pequeno. Nós, quizais tamén teñamos xentes ás que nos custa aceptar, pero non hai outro camiño. Tócanos aprender do Pai: esperar a uns, e acolle a outros.*

#### COMUÑÓN

*Celebrante: Participar nesta celebración de hoxe é a mostra de que o Pai nos ACOLLE E AGARIMA co seu amor.*

*Ditosos, benaventurados nós, convidados a este pan do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

🎵 n° 42 *Quen nos vai separar de Ti?*

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

#### Celebrante:

Señor, ti que alumeas o corazón de todos para que descubramos os camiños do teu fogar, modela os nosos corazóns e a nosa vida para sermos comunidade que vive na festa da reconciliación. Pedímoscho Por Cristo, noso Señor. Amén.

*Hoxe queremos que Deus saia ao noso encontro e que nos agarime co seu abrazo de Pai.*

*Por iso arrincamos de nós as envexas e todo o que nos fai intolerantes e tratamos de ser verdadeiramente acolledores e agarimosos cos nosos irmáns.*

*Queremos participar na festa.*

*Avísase das misas (ver folla do mes)*



*Que teñamos un bo día,  
unha boa coresma  
e o Señor nos bendiga,†  
nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar  
de vida eterna. Amén.*